USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOLOXÍA

# Curso 2020-2021. Acordos adoptados pola Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas

| Data de celebración | Carácter | Data aprobación | Orde do día | Acordos principais |
|---|---|---|---|---|
| 23/01/2020 | extraord | 26/06/2020 | 1. Proposta de oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-2021 | 1. Aceptar a proposta de manter a oferta de cen (100) prazas de novo ingreso para o GLLI no curso 2020-2021 |
| 26/06/2020 | ord | 25/09/2020 | 1. Aprobación, se procede, das actas de reunión anteriores<br>2. Informe da coordinadora sobre medidas especiais como consecuencia do COVID19<br>3. Aprobación, se procede, do informe de seguimento do curso 2018-2019 e das accións de mellora correspondentes<br>4. Modificación tribunais TFG<br>5. Rolda aberta de intervencións<br>6. Asuntos de trámite | 1. Aprobáronse as actas de reunións anteriores<br>2. Informe referente ao período de tempo anterior a decretarse as medidas especiais como consecuencia do COVID19: oferta de prazas (100), TFG (elaboración de tribunais, quenda de febreiro, cursos relacionados co TFG), manual do SGC, cambios no equipo decanal<br>3. Situación excepcional como consecuencia do COVID19: información (manter unha comunicación aberta e fluída co alumnado e profesorado, coordinación a través de email e TEAMS, informar das medidas extraordinarias adoptadas nas Aulas Virtuais), elaboración de informes sobre a docencia en liña (información sobre reunión convocada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas universidades do SUG, informe sobre desenvolvemento da docencia e recursos empregados, problemas e solucións de cuestións devidas da situación sanitaria na docencia), coordinación de calidade tras a renuncia da profa. Belén López Meirama, adaptación de programas e modificación de contidos e metodoloxía pola suspensión da docencia presencial, modificación do sistema de avaliación seguindo os acordos do consello de goberno do 22 de abril de 2020, TFG (modificación de títulos e resumos, modificación do calendario, avaliación do TFG), creación do grupo de traballo Filotic, suspensión das sesións presenciais dos encontros virtuais A Ponte e substitución por sesións virtuais, sesións informativas sobre módulos complementario e optativo, modificacións suxeridas pola ACMP no Manual do SGC e no Manual de procesos da FF, información sobre a situación da mobilidade Erasmus, información sobre a situación das practicas externas para que o alumnado poida defender o seu TFG sen ter rematado as practicas<br>4. Informe de seguimento: aprobación do curso 2018-2019 así como o Plan de Melloras correspondente (anexos VII, VIII e IX da acta)<br>5. Modificación tribunais TFG: información sobre a nova constitución<br>6. Non hai intervencións nin asuntos de trámite |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 25/09/2020 | ord | 18/01/2021 | 1. Renovación da comisión do GLLI<br>2. Redistribución das clases presenciais do GLLI no primeiro cuadrimestre derivada das medidas de seguridade fronte ao COVID19 | 1. O prof. Jorge Sacido Romero é substituído pola profa. Susana Doval Suárez como coordinador de segundo, e o prof. Mario Cal Varela comunica a súa intención de deixar a coordinación de primeiro. Decídese substituír a Lucía Botana Rosende como representante do alumnado pola súa próxima graduación<br>2. Retómase a presencialidade garantindo as medidas de seguridade estipuladas polas autoridades competentes fronte ao COVID19<br>3. Proposta de renovación da normativa de TFG |
| 18/01/2021 | extraord | 23/09/2022 | 1. Proposta de oferta de prazas de novo ingreso para 2021-2022<br>2. Aprobación, se procede, da oferta de liñas temáticas e titores/as de TFG<br>3. Aprobación, se procede, de tribunais de TFG do curso 2020-2021 | 1. A comisión acorda manter a oferta de 100 prazas para o GLLI para o curso 2021-2022<br>2. A comisión acorda manter como oferta de liñas temáticas e titores/as para a quenda de febreiro aquelas liñas e titores que quedaron sen adxudicar na quenda de outubro<br>3. A comisión debate sobre a proposta de organización dos tribunais de TFG previamente enviada pola coordinadora e acorda aceptala. Procédese ao sorteo dos membros dos tribunais de TFG |

## Curso 2022-2023. Acordos adoptados pola Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas

| Data de celebración | Carácter | Data aprobación | Orde do día | Acordos principais |
|---|---|---|---|---|
| 23/09/2022 | extraord | 15/11/2022 | 1. Aprobación, se procede, do protocolo de coordinación<br>2. Convocatoria de eleccións a representantes do estudantado<br>3. Plan de captación (anexo 3 de acta)<br>4. Resultados dos encontros co estudantado de cuarto curso | 1. A coordinadora informa de que se trata dun documento que perfila o labor dos distintos membros das comisións. Apróbase o protocolo de coordinación<br>2. A falta dunha normativa específica da USC, acordouse realizar unha convocatoria a elección de representantes do estudantado anualmente<br>3. Preséntase o plan de captación para a súa supervisión coas actividades, como as que forman parte de A Ponte, xornadas virtuais, visitas á facultade, etc. e preséntase a actividade de Campus/Xornadas “ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as” que habería que concretar. Apróbase este plan.<br>4. Infórmase sobre os encontros informais co estudantado de cuarto curso para coñecer o seu parecer. O número de alumnado participante foi moi limitado |
| 15/11/2022 | estraord | 19/12/2022 | 1. Aprobación, se procede, da proposta de David Fernández Centeno como representante do estudantado do GLLI | 1. Apróbase o nomeamento de David Fernández Centeno como representante do estudantado do GLLI |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 19/12/2022 | ord | 16/01/2023 | 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores<br>2. Informe da coordinadora<br>3. Renovación acreditación e accións de mellora | 1. Apróbanse as actas das reunións anteriores<br>2. A coordinadora informa sobre as novidades relacionadas coa solicitude de acreditación institucional xa que se decidiu en Xunta de Facultade concorrer á solicitude de acreditación institucional<br>3. A coordinadora informou tamén das novidades do Plan de Captación e dos Protocolos de Coordinación<br>4. Infórmase sobre as eleccións de representantes de alumnado e dáse a benvida ao elixido, David Fernández Centeno<br>5. A coordinadora informa de que tanto o proceso para o TFG e as prácticas externas e de mobilidade seguen os seus cauces habituais<br>6. Infórmase do recurso de alzada presentado contra a ratificación da cualificación dun exame de segunda oportunidade dunha materia do GLLI. A comisión reuniuse para dar resposta á resolución reitoral correspondente |
| 16/01/2023 | extraord | 02/02/2023 | 1. Aprobación, se procede, da oferta de prazas do GLLI para o curso 2023-2024 | 1. Apróbase manter 100 prazas de novo ingreso ordinario para o curso 2023-2024 |
| 02/02/2023 | ord | 10/05/2023 | 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores<br>2. Informe da coordinadora<br>3. Elaboración dos tribunais avaliadores dos TFG 2023<br>4. Asuntos de trámite e rolda aberta de preguntas | 1. Apróbanse as actas anteriores<br>2. Infórmase da evolución das prácticas externas e mobilidade Erasmus<br>3. Infórmase da desestimación por parte do reitor do segundo recurso de alzada presentado contra a ratificación da cualificación dun exame de segunda oportunidade dunha materia do GLLI por parte da comisión designada para dar resposta á correspondente reclamación<br>4. Infórmase tamén da renovación da acreditación que terá lugar durante o presente curso<br>5. A coordinadora elaborou un documento con dúas propostas para a elaboración dos tribunais de TFG para o 2023. Os membros da CA do GLLI decidiu escoller a proposta A: un tribunal de lingua, dous tribunais de literatura e cultura, e un tribunal mixto.<br>6. Non hai asuntos de trámite nin rolda aberta de preguntas |
| 10/05/2023 | ord | 15/11/2023 | 1. Aprobación, se procede, do autoinforme de renovación de acreditación e plan de melloras do GLLI | 1. Debátese sobre o borrador do autoinforme de renovación da acreditación do GLLI e o plan de melloras.<br>2. O prof. José Manuel Barbeito Varela propón a introdución dunha acción de mellora consistente no deseño dun protocolo para analizar as estratexias de aprendizaxe. A comisión decide incluír esta acción de mellora no plan de mellora do GLLI<br>3. A CA do GLLI aproba por unanimidade o autoinforme de renovación da acreditación do GLLI e o plan de melloras |

# Curso 2023-2024. Acordos adoptados pola Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas

| Data de celebración | Carácter | Data aprobación | Orde do día | Acordos principais |
|---|---|---|---|---|
| 15/11/2023 | ord | 10/01/2024 | 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores<br>2. Informe da coordinadora<br>3. Representante de estudantes<br>4. Coordinación de cuarto<br>5. Resultados das reunións mantidas cos estudantes que defenderon o TFG en 2023<br>6. Alegacións e Plan de melloras resultantes do informe provisorio sobre o autoinforme de renovación da acreditación<br>7. Modificación da Memoria Verificada do GLLI<br>8. Asuntos de trámite<br>9. Rolda aberta de intervencións | 1. Apróbanse as actas das reunións anteriores<br>2. A coordinadora informa da modificación de tribunais de TFG 2023 e da data límite de presentación de propostas, que será o 1 decembro para defensas en febreiro e o 30 de abril para defensas en xullo/setembro<br>3. A coordinadora informa de que se seguiu o procedemento habitual nas prácticas externas e de que aínda non se convocou o Erasmus/Sicue<br>4. Infórmase que David Fernández Centeno volve ser o representante do estudantado do GLLI<br>5. Infórmase que, a causa da xubilación de José Manuel Barbeito Varela, a profa. María de los Ángeles Gómez González pasa a ser a coordinadora de cuarto<br>6. Infórmase dos resultados dos encontros co estudantado que defende o seu TFG (no anexo 2 da acta)<br>7. Infórmase das alegacións e plan de melloras resultantes do informe provisorio sobre o autoinforme de renovación da acreditación. A coordinadora informa que os días 21 e 22 de xuño tivo lugar a visita do comité avaliador á FF, cun informe favorable sobre o que non se fixo alegación algunha. O único aspecto de obrigatorio cumprimento é o referente á introdución na Memoria Verificada das modificacións non substanciais aprobadas estes últimos anos e os erros que se detectaron<br>8. Sobre a modificación da memoria verificada do GLLI, a coordinadora somete a aprobación da comisión as seguintes modificacións do plan de estudos e Memoria Verificada do GLLI: aprobación de cambios obrigados para adaptarse á nova lei, aprobación da incorporación da corrección de erros detectados, aprobación da introdución dun módulo optativo de estudos vascos, aprobación das modificacións solicitadas desde a área de Filoloxía Clásica, aprobación das modificacións solicitadas desde a Área de Español, aprobación da especificación de ter acadado o nivel C2 ao rematar os estudos de grao. Apróbanse todas as modificacións non substanciais<br>9. Non hai asuntos de trámite<br>10. A profa. Mourón fai unha consulta á comisión sobre a temática dun TFG que é respondida polo decano |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10/01/2024 | ord | 01/03/2024 | 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores<br>2. Informe da coordinadora<br>3. Elaboración dos tribunais de TFG para 2024<br>4. Modificacións do Plan de Estudos<br>5. Asuntos de trámite<br>6. Rolda aberta de intervencións | 1. Apróbanse as actas anteriores<br>2. A coordinadora informa que algunhas das modificacións solicitadas como non-substanciais foron consideradas como substanciais polo Consello de Goberno e solicitou unha declaración de intencións sobre as modificacións non-substanciais para evitar desaxustes e agravios comparativos<br>3. Infórmase do bo funcionamento das prácticas externas e da convocatoria Erasmus/Sicue<br>4. Infórmase da elaboración dos tribunais de TFG para as convocatorias de 2024 e vótase a proposta de catro tribunais mixtos encargados de avaliar 19/20 TFGs de literatura/cultura e 10/11 de lingua cada un<br>5. A prof. Jiménez Placer pasa a formar parte do grupo de traballo da FF para a modificación do plan de estudos<br>6. Non hai asuntos de trámite<br>7. Non hai preguntas na rolda aberta |
| 01/03/2024 | extraord | 22/05/2024 | 1. Aprobación, se procede, do documento de proposta de modificación da memoria verificada do GLLI para o seu debate no grupo de traballo da FF | 1. Queda aprobada a proposta |
| 22/05/2024 | extraord | 23/07/2024 | 1. Seguimento das Accións de Mellora finalizadas en 2023-2024<br>2. Aprobación, se procede, do autoinforme de seguimento do GLLI 2022-2023 e Plan de Melloras<br>3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación do Plan de Estudos con efectos transversais | 1. A coordinadora informa que todas as accións de mellora están rematadas agás as seguintes: AM-06 referente ao deseño dun protocolo para analizar o uso de estratexias de autoaprendizaxe (apróbase a posibilidade de levar a cabo esta acción antes da data de finalización do 31 xullo 2024), AM-07 referente á solicitude de asesoría xurídica sobre a aplicación do art. 16 da normativa de avaliación (ao non obter resposta, acórdase insistir no tema a través do decanato), AM-08 referente á posibilidade de consultar cos servizos informáticos a mellora do software dos ordenadores das aulas (apróbase adiar esta mellora para darlle remate o 30 de setembro de 2024)<br>2. Apróbase o autoinforme de seguimento 2022-2023 e o Plan de Melloras<br>3. Apróbanse as propostas de modificación do plan de estudos con efectos transversais: redución da carga de traballo do TFG de 12 a 6 créditos e a creación dunha nova materia de 6 créditos de carácter metodolóxico, non ofrecer ao estudantado a posibilidade de obter a titulación tomando materias optativas de módulos diferentes, seguir a ofrecer unha lingua c e ofrecer a opción de escoller outras dúas materias básicas en vez da lingua c, non ofrecer ao estudantado a oportunidade de cursar calquera dos módulos optativos de minor como complementarios |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 23/07/2024 | ord | 10/10/2024 | 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores<br>2. Informe da coordinadora<br>3. Elaboración do protocolo para analizar o uso de estratexias de autoaprendizaxe<br>4. Elaboración dun protocolo para a planificación de reunións periódicas con representantes do profesorado e estudantado<br>5. Renovación da CA do GLLI<br>6. Asuntos de trámite<br>7. Rolda aberta de intervencións | 1. Apróbanse as actas das reunións anteriores<br>2. A coordinadora informa de que non existen incidencias nos procedementos asociados aos TFG, con excepción da necesidade de substituír á profa. Zeltia Blanco de baixa por maternidade, que foi substituída pola profa. Raquel Pereira Romasanta como cotitora. Na convocatoria de TFG 2024-2025 a solicitude de título e resumo se fará a través da APP<br>3. Infórmase tamén de que no houbo incidencias nos procedementos relacionados coa mobilidade de estudantes e que na convocatoria 2024-2025 para a solicitude de prácticas externas será necesario asinar un documento polo estudante e os titores académico e profesional<br>4. Infórmase das decisións tomadas sobre as modificacións no plan de estudos: engadir a lingua inglesa como lingua de impartición das materias ‘Historia e cultura dos países de fala inglesa’, ‘Introdución á literatura inglesa’, e ‘Introdución á literatura norteamericana’, acordáronse os niveis de lingua asociados ás linguas instrumentais, acordouse rebaixar a carga de traballo de 12 a 6 créditos e engadir unha nova materia de 6 créditos de corte metodolóxico no módulo de maior, acordouse manter a lingua c ou dar optatividade entre dúas materias FB, acordouse manter a obriga de cursar módulos optativos completos, acordouse manter o sistema de módulos complementarios e optativos tal e como están<br>5. Queda por decidir: introducir unha nova materia metodolóxica ou cambiar ‘Introdución ao inglés para fins académicos’ como obrigatoria, o que implicaría a introdución dunha nova materia optativa, acordar a secuenciación temporal da nova materia metodolóxica, posibilidade de mover ‘Técnicas de expresión oral’ ao segundo cuadrimestre<br>6. Revisáronse os programas das materias do GLLI, que foron aprobados na Xunta de Facultade<br>7. Leváronse a cabo os encontros co alumnado que defendeu o TFG, cuxos resultados están no anexo1 da acta e acordouse compartir esta información co profesorado<br>8. Infórmase da solicitude por parte do decanato ao consello de goberno da posibilidade de que se poida defender o TFG con 18 créditos pendentes<br>9. Infórmase de que estase á espera da revisión técnica por parte de calidade da Memoria de Calidade<br>10. Infórmase do protocolo para o uso de estratexias de autoaprendizaxe, como anexo2 da acta<br>11. Infórmase do protocolo para a celebración de encontros do PDI e o estudantado, como anexo 3 da acta |